

o benestar producido pola forma contractual M-D, que é:

$$EW^{M-D} = \gamma(81 - 22\gamma) \frac{(a - c)^2}{72b} + (1 - \gamma)(59 - 32\gamma) \frac{(a - \bar{c})^2}{72b} \quad (19)$$

e o benestar da estrutura dinámica industrial D-D, dado por:

$$EW^{D-D} = \gamma(27 - 11\gamma) \frac{(a - c)^2}{18b} + 8(1 - \gamma)^2 \frac{(a - \bar{c})^2}{9b} \quad (20)$$

compróbase, comparando as expresións (17) a (20), que o benestar social esperado das catro posibles configuracións é tal que $EW^{D-D} > EW^{M-D} > EW^{M-Dc} > EW^{M-M}$ o cal, de ter en conta ademais as proposicións 1 e 2, proba o resultado proposto. ■

BIBLIOGRAFÍA

- ANTELO, M. (1998): "Licencia de patentes no drásticas, estrutura de mercado e información simétrica entre los licenciados", *Estudios Económicos*, 13, pp. 123-155.
- CALVERT, R. (1964): *The Encyclopedia of Patent Practice and Invention Management*. New York: Reinhold.
- FIRESTONE, O.J. (1971): *Economic Implications of Patents*. Ottawa: University of Ottawa Press.
- GALLINI, N.T. (1984): "Deterrence Through Market Sharing: A Strategic Incentive for Licensing", *American Economic Review*, 74, pp. 931-941.
- GALLINI, N.T.; WINTER, R. (1985): "Licensing in the Theory of Innovation", *Rand Journal of Economics*, 16, pp. 237-252.
- KAMIEN, M. (1992): "Patent Licensing", en R. Aumann e S. Hart [ed.]: *Handbook of Game Theory*. Amsterdam: North Holland.
- KAMIEN, M.; TAUMAN, Y. (1986): "Fees Versus Royalties and the Private Value of a Patent", *Quarterly Journal of Economics*, 101, pp. 471-491.
- KATZ, M.; SHAPIRO, C. (1985): "On the Licensing of Innovations", *Rand Journal of Economics*, 16, pp. 504-520.
- KATZ, M.; SHAPIRO, C. (1986): "How to License Intangible Property", *Quarterly Journal of Economics*, 101, pp. 567-590.
- KROUSE, C.G. (1990): *Theory of Industrial Economics*. Oxford: Blackwell.
- SHY, O. (1995): *Industrial Organization. Theory and Applications*. Cambridge, MA: The MIT Press.
- TAYLOR, C.; SILBERSTON, Z. (1973): *Economic Impact of Patents*. Cambridge: Cambridge University Press.
- TIOLE, J. (1988): *The Theory of Industrial Organization*. Cambridge, MA: The MIT Press.
- VICKERS, J. (1995): "Competition and Regulation in Vertically Related Markets", *Review of Economic Studies*, 62, pp. 1-17.

OS CICLOS ELECTORAIS E O ESFORZO ORZAMENTARIO NOS CONCELLOS GALEGOS¹

ALEJANDRO BALLESTEROS RON
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 5 marzo 1999

Aceptado: 16 decembro 1999

Resumo: Neste traballo demostrase que os concellos galegos de máis de 20.000 habitantes realizan políticas electoralistas, xa que programan os seus gastos e ingresos tendo en conta a data das eleccións. Aínda que os indicios que aparecen son de pouca entidade, entendemos que se presenta na maioría dos concellos. Nunha primeira parte, buscamos o modelo que nos serviría de referencia para analiza-los orzamentos das facendas locais galegas. Na segunda, mostramos un breve panorama dos sucesos políticos que ocorreron en España nestes anos. Finalmente, analizamos dous índices: o esforzo1, ou diferenza entre o déficit e o superávit dun ano e o anterior, e o esforzo2, ou incremento dos ingresos e dos gastos totais con respecto ó ano anterior. Ademais, a diferenza e as porcentaxes de incremento dos orzamentos liquidados e os preventivos.

Palabras clave: Eleccións / Políticos / Votantes / Déficit-superávit / Capacidade-necesidade de financiamento / Orzamentos.

THE ELECTORAL CYCLES AND THE BUDGETARIAN EFFORT IN THE GALICIAN COUNCILS

Summary: In this paper it is shown that Gallician councils of over 20,000 inhabitants carry out vote-catching policies, since they program their expenditure and revenue bearing in mind the date of elections. Although there is no much evidence of the above, it is assumed that it happens in most of the councils. In the first part of the work a search for the model that would serve as a reference to analyse the budgets of local government public finance is carried out. In the second part, a short review of the political events that took place in Spain in those years is depicted. Finally, two indexes are analysed: Effort1 or the difference between the deficit or surplus of a year and the previous one; effort2 or the total revenue and expenditure increase with regard to de previous year. The difference and percentage of increase in preventive and liquidated budgets are also examined.

Keywords: Elections / Politicians / Voters / Deficit-surplus / Capacity-necessity of financing / Budget.

INTRODUCCIÓN

Na literatura económica existen unha serie de modelos que relacionan o gasto público local coa ilusión fiscal ou co votante medio, e modelos alternativos a este que buscan os elementos que determinan o devandito gasto local. Entre estes destacamos: Pommerehne (1978) e Pommerehne e Schneider (1978), Renaud e van Winden (1991), Todó-Rovira (1991) e Suárez Pandiello (1988).

¹ As ideas expostas neste traballo están contidas de maneira máis ampla no primeiro capítulo expresamente e implicitamente ó longo do meu traballo doutoral, dirixido polo Dr. Luis Caramés Viéitez, titulado: "Incidencia de los ciclos electorales en los presupuestos de las haciendas locales gallegas", inédito.

Os dous primeiros modelos explican o comportamento do gasto das corporacións locais, de maneira que o nivel deste se aproxima ó de servicios desexado polo votante medio e que aquelas incorren en supostos de ilusión fiscal a través do gasto, fundamentalmente se o relacionamos coas eleccións. A pesar da tendencia de que só os ingresos son os responsables da ilusión fiscal, Pommerehne e Schneider (1978) cren que " *neste traballo proporciona certa evidencia empírica que unha relación similar pode tamén existir para o outro lado das decisións orzamentarias, é dicir, a ilusión dos beneficios do gasto*"².

Pola súa parte, Renaud e van Winden (1991) desenvolven unha función de interese en torno ós tres niveis gobernamentais de decisión e a súa interacción coa toma de decisións, os gastos das entidades locais e o sistema de subvencións e transferencias, tendo en conta que " *interesa a formalización do proceso de toma de decisión do goberno, dada a distinción entre os grupos sociais e os seus intereses*"³. Á vez, tratan de ter en conta a forza dos grupos sociais na toma de decisión en tódolos niveis de goberno, pero preferentemente no local.

Todó-Rovira (1992) intenta atopar un modelo máis xeral có do votante medio para explica-la toma de decisións nas entidades locais na provisión de bens públicos. Así, vincula o gasto en distintos bens e servicios públicos coa renda media, cunha medida da distribución da renda, coa progresividade dos impostos locais e con diversas variables que describen as características da cidade, como o tamaño da poboación, a porcentaxe de poboación maior de 65 anos, os anos medios de escolarización, etc...⁴.

Suárez Pandiello (1988, p.125) analiza cáles son os determinantes do gasto nos municipios, sobre todo nos máis pequenos. Así, demostra que factores como a *urbanización* ou a *dispersión*, ademais da *estructura* e do *tamaño* da poboación, son os máis importantes para determina-lo gasto local e as necesidades de gasto dos municipios.

² Previamente din: "*As estimacións empíricas indican que a ocorrencia e influencia da ilusión fiscal sobre o gasto público non dependen exclusivamente da complexidade do sistema tributario, do "timing" da carga dos ingresos públicos e da valoración e disposición de partidas únicas de ingreso (...), senón que tamén está forte e sistematicamente correlacionada co tipo de institución democrática de decisión practicada*" (Pommerehne e Schneider, 1978, p. 728.) Isto levounos, como veremos, a intentar demostra-la influencia do ciclo político, baseado na existencia de ilusión fiscal, nos concellos galegos a través de variables do gasto.

³ Renaud and van Winden (1991, p. 550) consideran tres niveis de goberno: o central, o provincial e o local; catro grupos sociais: os empregados do sector gobernamental, os empregados do sector privado, os propietarios de capital e os dependentes, individuos que dependen de transferencias doutros sectores; cada un deles coa súa función de interese dependendo do nivel onde se estean tomando as decisións.

⁴ O modelo de Todó-Rovira (1991) formula unha regresión que busca demostrar que, "*dada a existencia dunha obvia e importante heteroxeneidade individual, é difícil interpreta-los resultados do modelo do votante medio (e en xeral aqueles obtidos usando modelos de axentes representativos) que explicitamente omite influencias distribucionais*" (p. 490). Finaliza probando que, canto máis homoxénea é a distribución da renda, submínistranse máis servicios públicos, xa que hai un maior acordo (menor desacordo) entre os integrantes da colectividade sobre os bens públicos locais que hai que subministrar, e que canto máis heteroxénea é a distribución da renda ocorre o contrario (p. 500).

Por outra parte, Bosch e Suárez (1992-1993, 1993a, 1993b, 1994, 1995) estudian diversas hipóteses institucionais e políticas para explica-lo gasto público. Bosch e Suárez (1993a) proban empiricamente a hipótese de descentralización que desenvolveron teoricamente Brennan e Buchanan (1980), segundo a cal "*a descentralización xera competencia entre gobernos e serve para frea-la expansión dun Estado-Leviatán maximizador de impostos*"⁵, pero atopan máis significativas as variables que favorecen o factor burocrático e, polo tanto, o feito de que a descentralización xera elementos burocráticos que fomentan o crecemento do sector público e non frean a súa expansión. Por outra parte, tamén atopa que estes niveis subcentrais financiados por medidas que xeran ilusión fiscal contribúen a eleva-lo tamaño do sector público. En Bosch e Suárez (1993b) inténtase establecer cáles son as restriccións que inflúen positiva (efecto renda) ou negativamente (efecto substitución) no tamaño do orzamento público local. Para iso teñen en conta o modelo institucional que teñan as comunidades autónomas, é dicir, se son uni- ou pluriprovinciais, forais ou de réxime común, de competencias amplas —artigo 151 da CE— ou de competencias restrinxidas —artigo 143 da CE. Ademais, consideran se a cidade é centro administrativo ou capital provincial ou autonómica, e teñen en conta unha estimación do poder de compra da cidade.

Bosch e Suárez (1992-1993, 1994) proban empiricamente en municipios españois diferentes hipóteses relativas a variables político-ideolóxicas, fiscais ou de comportamento económico e institucionais. De todas elas, as variables que mellores resultados ofrecen son as fiscais. Por un lado, a relativa á ilusión fiscal —que se comporta co signo correcto— mide os impostos máis visibles sobre o total de ingresos, advertíndose que canto máis alta é a relación, menor é o gasto público, e viceversa. Polo outro, están as cargas financeiras que presentan un signo contrario á hipótese de Bosch e Suárez en case tódolos casos, que intenta medi-lo grao de responsabilidade dos políticos en función das débedas herdadas; así, canto maiores sexan as cargas financeiras, menor debería de se-lo gasto público e viceversa, pero o signo negativo —esperado— só se produce nunha das estimacións; as demais variables, tanto as ideolóxicas como as institucionais, son poucas veces significativas.

As implicacións do traballo de Bosch e Suárez (1994) son importantes. Os condicionantes do gasto —a ilusión fiscal fundamentalmente— son elementos importantes da nosa análise. Pero, mentres eles buscan explica-lo crecemento do gasto en relación a varias hipóteses, o noso interese é establecer a relación do gasto público e dalgúns compoñentes dos ingresos co ciclo electoral.

Entendemos que a ilusión fiscal é un dos elementos que debe ser tido máis en conta en relación cos modelos político-económicos. Podemos dicir que o desexo dos gobernantes de manterse no poder implica que os políticos intenten engaiolar deliberadamente ós electores, de tal maneira que estes, enganados por unha falsa

⁵ Bosch e Suárez (1993a, p. 181). Esta hipótese está desenvolvida en Brennan e Buchanan (1980).

prosperidade ou por unha ilusa sensación de que o goberno está a facelo ben, acaben dándolle o seu voto a quen os enganou. Así, o goberno (central, autonómico ou local) intentará facer crer que a súa política é a mellor, aínda que sexa á custa de crear nos meses previos ás eleccións a falsa sensación de que se están facendo, e se fixeron, moitas cousas.

Na análise, sen embargo, non se pode incluír unha das figuras esenciais da democracia, o votante-contribuínte, ó lado da demanda de políticas (oferta dos votos)⁶. Usualmente, nos modelos político-electorais considéranse índices de popularidade, como o índice Gallup ou outros similares, dependendo dos países. A través destes índices de popularidade coñécese:

- A valoración continua do electorado do que o goberno está facendo en política económica e cómo aquel estima que os asuntos de política económica lle afectan á súa vida diaria.
- Cómo reacciona o goberno ante os déficits de popularidade, medidos en función da cantidade mínima de votos necesaria para seguir no goberno. De qué instrumentos fan uso os gobernos para levar a cabo políticas electoralistas se o seu nivel de popularidade é baixo, ou ben, se o seu nivel de popularidade é alto e cre garantida a súa reelección, para levar a cabo políticas máis de acordo coa súa ideoloxía ou o seu programa⁷.

A nosa análise centrada nos concellos, non pode acudir a estes índices, posto que resulta difícil atopar unha valoración da popularidade dos alcaldes e unha valoración real continua do que pensan os cidadáns do seu labor; a única que temos é a electoral, cada catro anos⁸. Pero iso non quere dicir que o alcalde ou o goberno municipal non coñezan a súa popularidade. O goberno local pode coñecer directamente a opinión do seu electorado sen recorrer a enquisas, porque os votantes estarán máis preto e concentrados nunha zona en concreto e non dispersos por todo o territorio nacional. Pero non hai constancia desa valoración e, polo tanto, non podemos facer un estudio sobre a opinión do electorado, é dicir, a función de popula-

⁶ A teoría da elección pública estudia outros grupos que non son só os políticos e os votantes. Estes grupos, integrantes do proceso de toma de decisións públicas, son os burócratas e os grupos de presión. Os primeiros terán incidencia dentro do proceso ó intentar aumentar ou mante-lo volume que representan no orzamento, e poderían ser estudados a través dos gastos de persoal, as compras en bens e servizos ou máis en xeral nos gastos correntes. Os grupos de presión poden ter unha importante influencia dentro da política municipal, xa que poden ser importantes no momento de influír no voto (asociacións de veciños, asociacións ou grupos de comerciantes, constructores, etc) e que á vez procuran actuar como buscadores de rendas (*rent seeking*) e como elementos que influen no voto dos cidadáns que pertencen ou non pertencen a estes grupos. A busca de rendas é o comportamento individual ou colectivo "das persoas que importunan ó goberno para que estableza impostos, gaste e lexisle ó seu favor e, se o feito de importunalo é efectivo, produce unha redistribución da renda e da riqueza a favor dos que importunan e en contra dos que non o fan ou daqueles que o fan ineficazmente". A busca de rendas utiliza traballo e capital que doutro xeito se empregaría en actividades productivas e ademais fai que o traballo e o capital restantes se utilice de forma menos productiva ca no mercado, o cal supón outro custo (Grampp, 1989).

⁷ Estas dúas modalidades corresponden ás funcións de popularidade e reacción de Frey e Schneider (1975).

⁸ Nalgunhas enquisas hai preguntas que se refiren á valoración de políticos entre os que se poden atopar algúns alcaldes se son relevantes politicamente, pero isto sería ou ben unha valoración nacional ou rexional que mide máis a súa imaxe política, nacional ou rexional có seu labor como alcalde.

ridade do electorado local. Aínda que coñeceremos cáles son as políticas de gastos e ingresos do goberno local, é dicir, a función de reacción⁹ do goberno local.

En definitiva, os políticos locais procurarán face-los gastos que máis votos lles proporcionen, principalmente os que o alcalde e o seu grupo consideren máis visibles, á vez que intentan que o financiamento deses gastos sexa o menos visible posible¹⁰.

O ESFORZO DOS CONCELLOS GALEGOS

Como xa vimos, os políticos¹¹ poden influír nos votantes reducindo o prexuízo económico que lles causa o labor municipal, aumentando os beneficios que este lles proporciona ou realizando ámbalas dúas cousas. No primeiro caso, o obxectivo podería lograrse reducindo os impostos dos cidadáns, o que implicaría reducir-los ingresos do municipio. No segundo caso, aumentando os bens ou servizos que lles subministra ós cidadáns sen aumenta-los seus impostos, sendo a consecuencia desta opción un aumento do gasto. No terceiro, a opción é a conxunción de ámbalas dúas: a redución dos ingresos e a ampliación do gasto. En calquera dos tres casos a consecuencia máis lóxica é a redución do superávit ou o aumento do déficit.

Este índice calcúlase a través da diferenza do déficit ou do superávit dun ano co do anterior e denominámola esforzo 1 (*E1*). Aplicouno Rothenberg (1987) para intentar demostra-la existencia dun ciclo orzamentario na administración federal norteamericana. Para iso aplicou dous índices —o esforzo 1 (*effort 1*) e o esforzo 2 (*effort 2*)— referidos ós déficits ou ós superávits do orzamento do goberno federal norteamericano e relacionou o proposto polo presidente co finalmente realizado, é dicir, o aprobado polo Congreso.

No noso caso, é obvio que non intentamos dilucidar se o alcalde ten ou non poder sobre o orzamento final¹², senón cáles son as variacións do saldo do orzamento

⁹ Frey e Schneider (1975) distinguen a función de popularidade como a que "trata de establecer unha relación regular entre o estado da economía... e as cifras de popularidade dos partidos e do goberno" (p. 458), e definen a función de reacción como a que "estudia os determinantes políticos das accións gobernamentais" (p. 459).

¹⁰ Os gastos que proporcionen votos han ser altamente visibles. A dificultade estriba en saber cáles son os gastos que se poden considerar visibles. Por outra parte, o sistema fiscal municipal é altamente visible e de ahí o alto custo en votos que representa a existencia destes impostos. Como sinala Carrillo Barroso (1991, p. 145) "Cualquier actualización de los impuestos municipales tendrá un considerable coste político ya que los ciudadanos la interpretarán como una simple elevación".

¹¹ Entendendo por tales aqueles que se dedican ós labores de goberno ou oposición nun concello e, aínda que teñan algún outro cargo político, son coñecidos prioritariamente por este labor.

¹² Aínda que poderíamos considera-la posibilidade de que os pactos necesarios en gobernos en minoría para aproba-los orzamentos provocan variacións nos orzamentos iniciais presentados polos gobernos locais ó pleno. Bosch e Suárez (1994) atopan unha certa relación entre os gobernos maioritarios e aqueles minoritarios que poden considerarse de maioría absoluta pola fragmentación física e ideolóxica da oposición e un menor gasto, porque o índice no que miden a fragmentación da oposición é significativo con respecto ó gasto e de signo correcto, aínda que só ocorre na regresión que realizan para os municipios maiores de 50.000 habitantes e non nos que teñen entre 20 e 50.000. Ver Bosch y Suárez (1994).

ó longo do ciclo electoral, se este é ou non máis expansivo, en tanto que gasta máis ou ingresa menos no ano electoral ou preelectoral; se se gasta máis ou menos ó principio do ciclo ou ó final.

O esforzo I definímolo, tal e como o fai Rothenberg, como a diferenza entre o déficit ou o superávit dun ano menos o déficit ou o superávit do ano anterior¹³. Desta maneira, o esforzo será:

$$E1 = A - B$$

onde A é o superávit ou o déficit no ano t e B o superávit ou o déficit no ano $t-1$. Tamén podemos definir A e B como:

$$A = IT_t - GT_t \quad e \quad B = IT_{t-1} - GT_{t-1}$$

sendo IT os ingresos totais e GT os gastos totais.

Así, se o esforzo fose negativo, iso indicaría que se está levando a cabo un orzamento cun maior gasto ou menores ingresos nese ano ca no ano anterior, ó representar este un maior déficit ou un menor superávit. Se isto ocorrese nun ano electoral ou preelectoral poderíamos dicir que se trata dun orzamento electoralista¹⁴, xa que nese período o concello en cuestión estará levando a cabo políticas que favorecen ós votantes. Isto estaría provocado porque se subministran máis bens, un maior gasto, sen recadar máis tributos, ou ben reducindo os impostos sen aumentar ou aumentando os gastos¹⁵.

Nas gráficas 1 e 2 e nas táboas 1 e 2, podemos ve-los resultados agregados deste índice aplicado para os dos estratos de poboación por separado¹⁶.

¹³ Rothenberg (1987) defínolo como: "...o primeiro é o cambio anual no superávit ou no déficit do orzamento de pleno emprego proposto polo presidente..." (p. 241, tradución persoal). Rothenberg analiza dous tipos de esforzo: un definido en función do orzamento que presenta o presidente no Congreso en relación co presentado o ano anterior, e outro a diferenza entre o orzamento presentado e o realizado o ano anterior, o aprobado polo Congreso. Por suposto, nós só considerámo-la existencia dun orzamento, que será o liquidado. Máis adiante, considerámo-las diferenzas entre o orzamento liquidado e o preventivo. De calquera forma, a análise das ordenanzas fiscais locais nos anos electorais e nos non-electorais podería dar lugar a un estudio interesante.

¹⁴ Definimos electoralismo como as variacións orzamentarias ou as accións políticas tendentes a alcanzar unha maior popularidade entre o electorado, de maneira que cando se leva a cabo esta política o obxectivo sexa mantelo posto político que se ocupa. Queremos evitar, por outra parte, o sentido pexorativo que ten esta palabra.

¹⁵ En raras ocasións, na mostra en ningunha, verémo-la existencia de continuos e crecentes déficits. Nese caso máis ca de electoralismo, ou xunto con el, poderíamos falar de xestión nefasta, malversadora e/ou ineficaz.


¹⁶ Os dous estratos ós que aludimos son o das cidades con poboación superior a 50.000 habitantes, que denominaremos primeiro estrato, e o das cidades con poboación entre 20 e 50.000 habitantes, que chamaremos segundo estrato.

Táboa 1.- Déficit/superávit e esforzo I. Cidades > 50.000 habitantes

Ano	sup (+)/def (-)	Esforzo I
1984	-94.662.499	
1985	1.552.204.300	1.646.866.799
1986	102.974.700	-1.449.229.600
1987	580.230.000	477.255.300
1988	2.652.516.600	2.072.286.600
1989	5.448.826.300	2.796.309.700
1990	628.802.200	-4.820.024.100
1991	4.423.235.900	3.794.433.700
1992	4.395.109.300	-28.126.600
1993	4.778.189.500	383.080.200

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Gráfica 1.- Déficit/superávit e esforzo I. Cidades > 50.000 habitantes



FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Para os concellos do primeiro estrato obsérvase que, tanto en 1986 coma en 1990, o esforzo é negativo. En ámbolos dous casos este esforzo negativo non está provocado pola aparición dun déficit xeral, agregando os datos de tódalas cidades, senón pola diminución do superávit. Esta diminución supera os mil millóns en 1986 e alcanza case os cinco mil millóns de pesetas en 1990. En canto a estas magnitudes desagregadas, pódese observar que no primeiro ano da mostra (1984) o déficit unicamente lles afecta a tres dos municipios deste estrato: Lugo, Ourense e Pontevedra. Nos anos restantes, só o concello de Lugo presenta déficit durante varios anos consecutivos, sistemático pero non crecente, mentres que nos demais

casos se producen esporadicamente, aínda que destaque pola súa contía o déficit do concello de Vigo en 1990¹⁷.

Para o ano 1991, electoral como o 1987, o esforzo é positivo e moi elevado, a diferenza deste último; pero o importante non é a contía en ámbolos dous casos, senón que en 1987 son só tres cidades as que teñen esforzo negativo, en tanto que, a pesar da súa contía en 1991, son cinco as cidades que teñen esforzo negativo. No postelectoral de 1992, ó contrario de 1988, o esforzo conxunto é lixeiramente negativo pese a que isto só ocorre en dúas cidades. Así, sucede o mesmo pero con signo contrario que en 1991, momento no que tamén dúas cidades modifican o signo do esforzo conxunto. Seguindo a liña de 1989, pero máis moderada, en 1993, o intermedio do ciclo electoral, o esforzo é lixeiramente positivo, fronte ás cifras anteriores.

Así, as cidades deste primeiro estrato de poboación teñen esforzo negativo nos períodos que consideramos directamente preelectorais. En 1986 presentan esforzo negativo seis das sete cidades (o 85,71%) e en 1990 catro das sete (o 57,14%), sendo en 1991 cinco (o 71,43%). Ademais, das catro cidades que teñen esforzo negativo en 1990, dúas non o teñen en 1991. É dicir, o esforzo establécese só nun ano dos dous. Feito que, baixo a hipótese do comportamento deste índice, dá un primeiro indicio dun comportamento electoralista das cidades deste primeiro estrato de poboación.


Táboa 2.- Déficit/superávit e esforzo I. Cidades < 50.000 habitantes

Ano	sup (+)/def (-)	Esforzo I
1984	-59.903.510	
1985	52.657.800	112.561.310
1986	-96.867.800	-149.525.600
1987	132.026.000	228.893.800
1988	140.948.500	8.922.500
1989	48.484.500	-92.464.000
1990	311.845.400	263.360.900
1991	258.109.100	-53.736.300
1992	646.153.600	388.044.500
1993	63.299.700	-582.853.900

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

¹⁷ Este déficit que alcanza os dous mil millóns de pesetas é o culpable tanto de que o balance orzamentario conxunto sexa moito menor có do ano anterior coma de que o esforzo conxunto destes sete concellos sexa negativo. Isto non quere dicir que deixemos de estimar que conxuntamente o comportamento dos concellos sexa electoralista, senón que matizamos que é Vigo o que se comporta máis *electoralistamente* neste período, xunto cos outros tres concellos que tamén teñen esforzo negativo.

Gráfica 2.- Déficit/superávit e esforzo I. Cidades < 50.000 habitantes



FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Polo que respecta ó segundo estrato de poboación, no que as cifras son moi inferiores, tamén se produce un esforzo negativo nos anos 1986, 1989 e 1993, pero non en 1990. No primeiro caso, como cando nos referimos ás cidades do estrato superior, este feito podería ser indicativo duns orzamentos con intencións electoralistas. Pero no último esta afirmación é máis difícil por canto estas intencións están a expensas de que se produzan gastos ou investimentos que dean o seu froito en 1991 e en 1995, respectivamente, en vésperas das eleccións¹⁸. En 1991, o esforzo é negativo e, aínda que o signo é diferente, a situación é igual á do estrato superior, onde unha maioría de cidades tiñan esforzo negativo, pese a que o total era positivo. Neste estrato só son tres as cidades que teñen esforzo negativo, un 37,5%. Nos dous anos postelectorais (1988 e 1992), o esforzo é positivo, aínda que maior neste último, e son, no primeiro caso, catro as cidades que teñen esforzo negativo e, no segundo, só dúas.

O ano 1989 é un ano no que medran os ingresos financeiros e as transferencias e non descenden, senón que se incrementan, os ingresos tributarios, polo que a existencia dun menor superávit nese ano vén dada por un aumento do gasto superior ó dos ingresos. Isto non quere dicir que os concellos deste estrato, ó adiantar

¹⁸ Nos cinco casos de esforzo negativo que hai en 1989 neste estrato, o esforzo negativo pode responder a un cambio de estratexia electoralista, por canto non hai cambios significativos no goberno municipal en 1987, pero ou o partido cambiou a súa denominación ou o alcalde cambiou de partido: só nun caso houbo un auténtico cambio de partido, Narón, pero dentro da esquerda nacionalista. O cambio de estratexia sería realiza-lo incremento do gasto dous anos antes das eleccións, en lugar do ano anterior. Por outra parte, pode ocorrer que se concentren nestes anos os gastos porque os plans do goberno municipal non superan o curto prazo cuatrienal, ou porque de realizar gastos pouco despois, 1990 por exemplo, poderían ser desaproveitados no caso de non gañá-las eleccións o goberno que os formulou. Polo tanto, a incerteza sobre o resultado electoral daría lugar á inhibición do gasto.

este gasto, non estean facendo políticas con intencións electoralistas, senón que estas políticas poden estar pensadas e programadas doutra maneira e cun obxectivo: as eleccións de 1991.

En 1986 realizan un esforzo negativo seis dos nove municipios (o 66,67%); en 1989 lévano a cabo cinco dos oito municipios (o 62,5%); en 1990 preséntano só catro dos nove municipios (o 44,44%); e en 1993 o esforzo negativo preséntase en catro dos sete municipios (o 57,14%). É dicir, os anos que presentan un maior indicio de comportamento electoralista para estes concellos son 1986, 1989 e 1993.

O comportamento que teñen os concellos nos anos 1986 e 1990 é moi diferente. Mentres que en 1990 na metade dos municipios se produce un esforzo negativo, oito casos de dezaseis, en 1986 a situación presenta unha maior porcentaxe de municipios que levan a cabo un esforzo negativo, realizándoo doce dos dezaseis (o 75% dos casos). Pola contra, 1987 é o ano no que esta porcentaxe é menor, corroborando a idea de que as eleccións que se teñen lugar na primeira metade do ano obrigan a que as políticas electoralistas deban realizarse no ano anterior¹⁹.

En 1989 e 1990 hai tres concellos que non teñen un esforzo negativo en ningún dos dous anos, mentres que outros tres o repiten²⁰. Dos primeiros dous teñen un esforzo negativo en 1991 e, dos segundos un deles repite un esforzo negativo en 1991. Os outros nove concellos teñen esforzo negativo nalgún dos dous anos. Con respecto ós anos postelectorais, a situación é moi distinta: en 1988, oito cidades (o 53,33%) teñen un esforzo positivo e sete (o 46,67%) téñeno negativo, mentres que en 1992 once cidades teñen un esforzo positivo (o 73,33%) e catro (o 26,67%) téñeno negativo.

Constátase que a presenza dun esforzo negativo en calquera destes dous anos, pode indicar unha utilización electoralista dos orzamentos; así podemos cualificar este tipo de esforzo en 1986 e 1990. O mesmo poderíamos dicir do ano 1989, no que se producen á vez eleccións autonómicas e xerais porque, nalgún caso, pode

¹⁹ Analizando o índice esforzo 1 para os estratos de municipios inferiores a 20.000 habitantes (son 12 estratos de poboación, tres por cada unha das provincias) atopamos que en 1987 e 1993, todos agás un teñen sistematicamente esforzo negativo, é dicir, o 91,67% dos casos (11/12); e en 1991 son dez os que teñen esforzo negativo, é dicir, o 83,33 % dos casos. Nos demais anos danse as seguintes porcentaxes: 1985, o 66,67 (8/12); 1986, o 16,67 % (2/12); 1988, tamén o 16,67%; 1989, o 58,33% (7/12); 1990 o 16,67 %; e, en 1992, non hai ningún esforzo negativo. Así, mentres o 85 e 89 teñen unha porcentaxe media de esforzos positivos, o que nos indica que o comportamento nese ano non é uniforme, en 1986, 1990 e 1992 a porcentaxe maioritaria é positiva (83,33%, nos primeiros, o 100% no último) o que indica nestes concellos un comportamento máis uniforme e máis electoralista, en sentido estrito; é dicir, realízase a meirande parte do gasto o máis preto posible das eleccións. O feito de que sexa nos anos 1987 e 1991 cando o esforzo é maioritariamente negativo, lévanos á idea de que, mentres nos concellos maiores hai unha certa planificación, nestes se realiza o gasto electoral en vésperas das eleccións. Sen embargo, esta tendencia cambia en 1993 cando o esforzo é negativo dous anos antes das eleccións.

²⁰ Dos primeiros, o goberno municipal ten maioría absoluta en dúas, A Coruña e Vilagarcía, e no terceiro ten un goberno de coalición que xorde dunha moción de censura en setembro de 1989. En canto ós segundos, trátase de gobernos en minoría ou en coalición pero relativamente estables; en ningunha deles se consegue unha maioría nas seguintes eleccións. Dos anteriores, só se mantén a maioría absoluta na Coruña, pero non así en Vilagarcía e a situación volve ser altamente inestable en Ferrol.

servir de axuda para as campañas electorais dese ano, e ademais a consecuencia destas eleccións xorden compromisos (investimentos, transferencias, etc.) que favorecerán nas seguintes eleccións municipais (1991) ó alcalde que prestara o seu apoio na campaña²¹. Evidentemente, podemos dicir que o orzamento municipal pode servir como instrumento para buscar votos para o candidato apoiado polo alcalde (sexa ou non do mesmo partido), o cal, á súa vez, pode ser premiado se o candidato gaña as eleccións a través do orzamento da administración na que foi elixido²². Un dos elementos decisivos neste caso é observa-la evolución de variables como as transferencias antes e/ou despois das eleccións, que si poden ser susceptibles de utilización partidista e electoralista.

Táboa 3.- Esforzo positivo ou negativo, número de municipios

1ºestrato	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993
+	6	1	4	4	5	3	2	5	3
-	1	6	3	3	2	4	5	2	4
2ºestrato									
+	5	3	7	4	3	5	5	6	3
-	4	6	1	4	5	4	3	2	4
Total									
+	11	4	11	8	8	8	7	11	6
-	5	12	4	7	7	8	8	4	8

Nota: nos anos 1987, 1988 e 1991 non está contabilizado o concello de Cangas por falta de datos; no 89 porque o esforzo non pode ser calculado pola falta de datos do ano anterior. Polo tanto, o total de municipios para estes anos é de 8 no segundo estrato e de 15 no total. No ano 1992, faltan datos do concello de Ribeira e, en 1993, para Monforte e Ribeira.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos anteriores.

Na táboa 4 observamos como as porcentaxes de incremento das transferencias de capital son moi altas nos anos 1988 e 1989 para a Xunta de Galicia nos dous estratos, o que ocorre tamén en 1991 e 1992, anque máis claramente no primeiro

²¹ Tamén pode suceder que se produza un incremento do gasto público por un maior gasto da administración autónoma ou da central no municipio que obrigue a maiores gastos do goberno local (p.ex. o financiamento de proxectos que son pagados polo goberno local e a administración autónoma ou central). Por outra parte, o apoio implícito por parte doutra administración, nunhas eleccións municipais, pode vir en forma de promesa de investimentos ou transferencias, en forma de sinatura explícita de convenios entre concellos e ministerios ou conselleiras e, finalmente, en forma de aprobación por parte destas ou aqueles de investimentos ou transferencias. Todo isto realizado en época de campaña electoral. Nancy Teeters en Nordhaus (1989), opina que "a acción política importante é aproba-lo financiamento, mentres que o gasto actual pode presentarse algún tempo despois das eleccións" (p. 65), mentres se fai público o acordo de financiamento. Pero son feitos que están máis aló do noso obxectivo, que é o estudo da manipulación orzamentaria e non da informativa, que sería este caso.

²² Neste caso, trátase dunha utilización máis ou menos caciquil do orzamento, xa que se intenta convencer os veciños de que dálle-lo seu apoio a un determinado candidato é bo para o municipio, utilizando como argumento promesas de futuros investimentos se aquel triunfa. De tódalas formas, cando menos na maior parte dos grandes concellos, isto non é así xa que o partido que goberna no concello non necesariamente coincide co vencedor no resto das eleccións, e pode ser unha das razóns polas que neste tipo de concellos non hai un esforzo negativo este ano. De tódolos xeitos, moitas veces o apoio é unicamente de tipo propagandístico, xa que ó alcalde en cuestión interésalle o seu propio poder e non o dos demais, a non ser, como dixemos, a cambio de apoio futuro. Isto leva a que alcaldes de prestixio se presenten en listas electorais ó parlamento nacional ou ó autonómico para con iso arrastra-los votos dos seus municipios.

estrato. No primeiro caso as eleccións autonómicas prodúcense en 1989 e no segundo en 1993, sempre no cuarto trimestre.

Para o Goberno central, os maiores incrementos se producen en 1988 e en 1992 e 1993 no primeiro estrato, e en 1986, 1988, 1990, 1991 e 1993 no segundo. Neste caso, as eleccións xerais se producen en 1986, 1989 e 1993, co cal en case tódolos casos do segundo estrato, agás no bienio 1990-1991, poden ter unha clara motivación electoralista.

Por último, para as deputacións provinciais prodúcense incrementos significativos en 1986, 1988, 1989 e 1993 para as cidades maiores de 50.000 habitantes; e en 1988, 1989 e 1992 en calquera caso as eleccións coinciden coas municipais.

En definitiva, hai certos indicios sobre todo no goberno autónomo e no central de que pode producirse unha manipulación partidista (solidariedade) entre administracións. Os maiores incrementos das transferencias de capital tenden a concentrarse nos anos nos que hai eleccións e nos inmediatamente anteriores e posteriores.

Táboa 4.- Porcentaxe de crecemento con respecto ó ano anterior das transferencias de capital recibidas polos concellos galegos

		Xunta de Galicia	Goberno central	Deputación provincial
Cidades > 50.000 habitantes	1986	-68,77	33,58	102,83
	1987	312,71	-45,78	-41,52
	1988	137,69	206,56	65,50
	1989	428,65	-41,08	27,17
	1990	-92,09	-1,40	4,35
	1991	248,86	-51,91	4,35
	1992	209,04	73,34	2,26
	1993	-49,29	111,10	115,82
Cidades < 50.000 habitantes	1986	-56,30	49,98	-24,71
	1987	11,84	-55,76	8,23
	1988	536,56	35,84	23,44
	1989	192,13	-9,40	52,43
	1990	-53,49	59,19	14,13
	1991	-41,95	70,12	-37,89
	1992	120,21	-27,98	77,28
	1993	7,09	114,11	-49,46

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

O ESFORZO 2: ÍNDICE DE CRECIMENTO PARA INGRESOS E GASTOS

Neste epígrafe calculámo-lo esforzo2 de forma que mida o incremento dos ingresos e dos gastos (Rothenberg, 1987, pp. 242-243 e táboa 1). Polo tanto, medímo-lo esforzo para os ingresos e para os gastos da seguinte maneira:

$$E2i \text{ ou } E2g = \left(\frac{A-B}{B} \right) * 100$$

de onde se deduce que:

$$E2i \text{ ou } E2g = [(A/B) - 1] * 100$$

onde A son os ingresos ou gastos totais no ano t, B son os ingresos ou gastos totais no t-1. Os subíndices i ou g indican ingresos e gastos respectivamente.

O resultado pódese ver nas táboas 5 e 6 e nas gráficas 3 e 4. Nestas obsérvase cómo son 1985, 1988, 1989 e 1992 os anos nos que o incremento, tanto dos ingresos coma dos gastos, é marcadamente superior ó dos demais anos.

Para as cidades do primeiro estrato, o incremento dos gastos é superior ó dos ingresos nos anos 1986, 1990 (menor descenso), 1992 e 1993. No estrato inferior, tamén observamos como os anos de maior crecemento coinciden en 1985, 1989 e 1992, mentres que o crecemento dos gastos supera ó dos ingresos en 1986, 1988, 1989 e 1993.

Debemos resaltar que os resultados obtidos non son simplemente *incrementalista*. Aplicando o criterio de Carrillo Barroso (1991), só serían puramente incrementalistas os resultados de 1986, 1987, 1991 e 1993 para ámbolos dous estratos, e 1992 para o segundo estrato, aínda que con matizacións. O resto dos resultados son relativamente incrementalistas ou ben non son incrementalistas²³, o cal quere dicir que, cando menos na fixación do total do orzamento, existe algunha lóxica diferente da incrementalista.


Táboa 5.- Esforzo 2 como índice de crecemento dos ingresos e os gastos. Cidades > 50.000 habitantes

Ano	% esf. ing.	% esf. gas.
1985	23,67	15,07
1986	3,41	10,13
1987	8,38	6,48
1988	43,11	36,15
1989	42,87	38,12
1990	-11,08	-2,53
1991	7,34	-0,45
1992	22,78	23,95
1993	6,86	7,59

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

²³ O *incrementalismo* sería aquela técnica orzamentaria que fixa os capítulos do orzamento dun ano en función dun incremento maximal dos mesmos capítulos do ano anterior. Carrillo Barroso define esta estratexia afirmando que "lo que predice la mejor adscripción de recurso de un año es la adscripción del anterior" (p. 108). Así, seguindo o criterio de Carrillo Barroso, un incremento entre o 5 e o 15% é incrementalista; un incremento entre o 15 e o 30% ou entre o -10 e o 5% será relativamente incrementalista; un descenso que supera o 10% ou un incremento maior do 30% será non-incrementalista. Cf. Carrillo Barroso (1991, cap. 3, p. 111).

Gráfica 3.- Esforzo 2 como índice de crecemento dos ingresos e dos gastos. Cidades >50.000 habitantes



FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

É evidente que os resultados están directamente conectados co índice anterior (esforzo 1); pero neste caso reflíctese máis palpablemente que son os gastos os que levan a maior parte do peso nas políticas electoralistas e que, polo tanto, é o maior incremento dos gastos, fronte a unha posible redución ou un menor crecemento dos ingresos, a alternativa dos políticos locais para intentar manterse no poder²⁴.

Debemos anotar que as cifras nos dous anos electorais están situadas nunha estreita banda, que poderíamos cualificar de incrementalista e cun crecemento que é, ó contrario que outros anos, case coincidente cos índices da inflación. Polo tanto, trátase en ámbolos dous casos de orzamentos case neutrais e pouco belixerantes electoralmente.

Pero, aínda que a maior parte do peso das políticas oportunistas lévana os gastos, podemos ver que os menores crecementos e nalgún caso o descenso dos ingresos prodúcense nos anos 1986, 1987, 1990 e sobre todo en 1991, ano no que teñen lugar oito descensos dos ingresos (53,33%). Así, en 1985 prodúcense descensos no 18,75% das cidades da mostra (3 de 16); en 1986 no 37,5% (6 de 16); en 1987 no 26,67% (4 de 15); en 1988 no 6,67% (1 de 15); en 1989 no 13,33% (2 de 15); en 1990 no 37,85% (6 de 16); en 1992 no 7,14% (1 de 14); e en 1993 no 28,57% (4 de 14).


²⁴ Isto tráenos á mente a idea de que os políticos son máis proclives ó gasto có ingreso, posto que o gasto supón un incremento da utilidade; en cambio os impostos, forma máis xeral de ingresos, redúcena. Polo tanto, un político que desexe permanecer máis tempo no poder debe realizar un maior gasto en época electoral, presupondo, como din Buchanan e Wagner (1977), que a produción pública entra positivamente nas funcións de utilidade dos cidadáns e os impostos reducen a renda dos cidadáns e, polo tanto, réstanlle apoio ó político. Para diversas implicacións destes fenómenos véxase Buchanan e Wagner (1977, pp. 160-165).

Táboa 6.- Esforzo 2 como índice de crecemento dos ingresos e os gastos. Cidades <50.000 habitantes

Ano	% esf. ing.	% esf. gas.
1985	25,39	21,65
1986	3,54	7,18
1987	2,59	-2,60
1988	19,90	20,30
1989	32,61	35,26
1990	9,19	5,53
1991	-1,54	-0,89
1992	12,82	8,02
1993	-3,47	3,56

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financieira das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Gráfica 4.- Esforzo 2 como índice de crecemento dos ingresos e dos gastos. Cidades <50.000 habitantes



FONTE: Elaboración Propia a partir de *Análise económico-financieira das Corporacións Locais Galegas*, Varios anos. Xunta de Galicia.

Polo tanto, a maior porcentaxe de descensos ten lugar nos anos 1986, 1990 e 1991. No caso dos ingresos isto é lóxico, xa que os impostos locais esíxense, na súa maior parte, no cuarto trimestre do ano, co que, se se producise unha suba nestes anos, coincidiría dous trimestres antes das eleccións (no segundo trimestre do ano seguinte en cada caso). Aínda que no caso de 1986, 1990 e 1991 diminúen os ingresos financeiros e as transferencias e os ingresos tributarios medran moi

pouco: 11,88%, 6,33% e 14,57% respectivamente. Os crecementos máis importantes dos ingresos, sobre todo dos tributarios, prodúcense nos anos 1988 e 1989, cando só hai tres descenso. En definitiva, afástase o momento de maior crecemento dos ingresos da época electoral, algo similar ocorre con 1985 e 1992 —ano, como 1988, postelectoral.

En relación cos gastos, prodúcense dous descenso de pequena contía en 1990 nas cidades do primeiro estrato (superado polo descenso dos ingresos) e en 1987 nas cidades do segundo estrato. Ámbolos dous descenso son de similar contía, arredor do 2,5%. No resto dos anos prodúcense descenso: en 1985 no 12,5% das cidades da mostra (2 de 16); en 1986 no 25% (4 de 16); en 1987 no 40% (6 de 15); en 1988 no 6,67% (1 de 15); en 1989 no 6,67% (1 de 15); en 1990 no 66,67% (10 de 15); en 1991 prodúcense 7 descenso, cinco deles nunha porcentaxe menor á dos ingresos, son o 46,67%; en 1992, prodúcese un único descenso de catorce casos que representa o 7,14%; e en 1993 son dous descenso de catorce casos, é dicir, o 14,29%. Como vemos, os gastos teñen un comportamento diferente, xa que, aínda que o seu descenso sexa superado polo dos ingresos, este se produce nunha maior cantidade de casos. Sen embargo, constatamos que na maior parte dos casos os descenso de 1990 veñen precedidos de anos de elevados crecementos dos gastos e que, nalgúns destes casos (4), o descenso dos ingresos é maior có dos gastos.

En toda esta análise utilizamos datos dos orzamentos liquidados, pero agora xorde unha pregunta: ¿existe diferenza entre os orzamentos liquidados e os orzamentos preventivos e o incremento de ámbolos dous valores?; ¿a favor de cal dos dous tipos de orzamentos, en relación ós ingresos e gastos totais, se inclina esa diferenza? En case ningún ano os orzamentos liquidados cumpren o que está previsto e, en case tódolos casos, os orzamentos liquidados superan ós preventivos.

Por estratos e en relación cos ingresos a diferenza é negativa, a favor dos preventivos, en 1984 e 1985 para as cidades do primeiro estrato, e en 1986, 1992 e 1993 para as cidades do segundo. Os gastos preventivos son superiores en 1984, 1987 e 1993 para o primeiro estrato, e en 1986, 1990, 1991, 1992 e 1993 para o segundo, como podemos ver na táboa 7 e nas gráficas 5 e 6.

Para o primeiro estrato, é significativo que o ano no que se produce unha das menores diferenza sexa electoral (1987) e que a forma da gráfica destas diferencias sexa similar á forma que adquirirían as gráficas do esforzo para ingresos e gastos, nas que os anos centrais do ciclo electoral eran nos que os incrementos eran maiores, mentres que neste caso, son nos que as diferencias son maiores.

Podemos ver que en 1992, ó principio do novo ciclo electoral, para as cidades do primeiro estrato, as diferencias comezan diminuindo a diferenza do que ocorría no ciclo anterior, e, para as do segundo, mantense a tendencia de que os gastos liquidados son inferiores ós preventivos e esta tendencia traspásase ós ingresos. Nas cidades do segundo estrato apreciamos, nos anos preelectorais, diferencias a favor

dos orzamentos preventivos, aínda que estas son moi pequenas. Isto se produce en tres dos catro casos nos dous anos preelectorais.

Táboa 7.- Ingresos e gastos liquidados menos ingresos e gastos preventivos


Cidades > 50.000 hab.		
Ano	Ing. liq.-prev.	Gast. liq.-prev.
1984	-1.326.884.000	-1.244.236.770
1985	-322.429.000	1.082.901.300
1986	1.219.015.000	1.416.040.300
1987	324.440.500	-140.598.000
1988	4.136.156.500	862.639.900
1989	9.999.623.500	3.123.518.200
1990	5.657.073.600	3.771.052.400
1991	6.113.869.600	1.690.633.700
1992	5.337.063.100	465.953.800
1993	2.336.202.100	-2.441.987.400
Cidades < 50.000 hab.		
Ano	Ing. liq.-prev.	Gast. liq.-prev.
1984	178.272.910	238.176.420
1985	34.139.300	528.478.300
1986	-189.602.000	-27.663.900
1987	381.600.300	159.574.300
1988	387.582.500	329.587.800
1989	198.255.300	72.752.900
1990	18.634.800	-187.774.900
1991	159.113.700	-79.713.300
1992	-452.471.800	-1.066.657.700
1993	-323.457.100	-386.750.800

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Isto mesmo ocorrerá, como vemos na táboa 8, se comparámo-lo crecemento dos ingresos e o dos gastos liquidados e os preventivos. Nas cidades do primeiro estrato apréciase como estes, aínda que en menor contía, seguen o comportamento dos primeiros; anque deberíamos dicir que os liquidados son os que seguen o comportamento dos preventivos²⁵ e o amplían producindo uns maiores ascensos ou descenso; só nun caso o descenso convértese en incremento e noutro o incremento en descenso.


²⁵ En calquera caso, polo que observamos no cadro, parece que os concellos galegos (de ámbolos dous estratos) seguen unha técnica orzamentario puramente incrementalista, aínda que na maior parte dos casos as cifras de incremento, de ámbolos dous tipos de orzamentos, estean por debaixo do 30%: 56 de 64 (87,5%), e destas 41 (64,06%) están por debaixo do 15% de incremento. As cifras non-incrementalistas concéntranse maioritariamente nos anos 1988 e 1989, para ámbolos dous estratos e tipos de orzamentos, aínda que sobre todo no 89, cando tódolos incrementos son non-incrementalistas (superiores ó 30%).

Gráfica 5.- Ingresos e gastos liquidados menos ingresos e gastos preventivos. Cidades >50.000 habitantes



FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Gráfica 6.- Ingresos e gastos liquidados menos ingresos e gastos preventivos. Cidades <50.000 habitantes



FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

O incremento dos ingresos e dos gastos liquidados segue, como no primeiro estrato, a norma que lle imponen os orzamentos preventivos (só apreciamos un caso no que o descenso previsto se converte en incremento) pero, a diferenza do caso anterior, non sempre ingresos e gastos crecen ou decrecen máis do que o fan os

preventivos, senón que, ás veces, crecen ou decrecen menos. Pero, con todo, continúan sendo unha guía dos movementos dos ingresos e dos gastos liquidados, aínda que non se axustan a unha pauta de maior crecemento ou menor descenso ca no estrato anterior.

Táboa 8.- Crecemento de ingresos e de gastos liquidados e de ingresos e de gastos preventivos

Total > 50.000 hab.				
Ano	I. prev.	G. prev.	I. liq.	G. liq.
1985	17,28	2,90	23,67	15,07
1986	-3,001	9,08	3,41	10,13
1987	12,62	13,58	8,38	6,48
1988	29,23	32,15	43,11	36,15
1989	30,91	32,67	42,87	38,22
1990	-3,86	-4,11	-11,08	-2,54
1991	7,25	4,20	7,34	-0,45
1992	27,48	27,48	22,78	23,95
1993	12,59	12,59	6,86	7,59
Total < 50.000 hab.				
Ano	I. prev.	G. prev.	I. liq.	G. liq.
1985	31,35	14,19	25,39	21,65
1986	8,93	23,56	3,54	7,18
1987	-10,07	-6,76	2,60	-2,60
1988	21,61	17,01	19,90	20,30
1989	38,96	42,89	32,61	35,26
1990	12,06	9,31	9,20	5,53
1991	-3,37	-2,29	-1,55	-0,89
1992	21,27	21,16	12,83	8,02
1993	-1,24	-4,38	-3,47	3,56

FONTE: Elaboración propia a partir de *Análise económico-financiera das corporacións locais galegas*, varios anos. Xunta de Galicia.

Isto quere dicir que os orzamentos preventivos séguense máis fielmente nos anos electorais para o primeiro estrato e nos preelectorais para o segundo, por canto as diferenzas son menores ca no resto dos anos. Pero neste último caso hai unha maior tendencia a que a desviación dos ingresos e dos gastos sexa que os ingresos e os gastos liquidados sexan menores cós preventivos. En cambio, no primeiro estrato esta tendencia é a contraria, xa que a previsión dos orzamentos é claramente insuficiente. Na maioría dos casos, as diferenzas, tanto positivas coma negativas, son maiores nos ingresos ca nos gastos e, así, son estes os que se axustan menos ó previsto.

CONCLUSIÓNS

Dende 1979, os cidadáns poden escolle-los seus representantes municipais e, polo tanto, poden a través das eleccións determina-la política que deben segui-los seus gobernantes. A pesar disto, e baseándonos en que estes quererán manterse no

poder o maior tempo posible, haberá manipulacións orzamentarias que terán como obxectivo fundamental provocar nos cidadáns a ilusión de que os gobernantes están levando a cabo a política adecuada. Neste traballo analizamos algunhas variables orzamentarias con relación ás eleccións municipais.

Neste sentido, observamos que as cidades do primeiro estrato teñen esforzo negativo tanto en 1986 como en 1990, anos preelectorais. Este esforzo negativo está provocado por un maior déficit nuns casos, e polo descenso do superávit noutros. Nos anos electorais o esforzo é positivo e bastante alto con relación ós demais anos. Nas cidades do segundo estrato, en 1986 prodúcese tamén un esforzo negativo; sen embargo, esta é unha situación que non se dá en 1990 senón en 1989. Como no caso anterior, o esforzo de 1986 pode responder a un comportamento electoralista, mentres que non podemos dici-lo mesmo, en principio, do de 1989.

En 1986 o 75% dos casos teñen un esforzo negativo mentres que en 1990 só o teñen un 50%. A porcentaxe deste ano é a máis repetida no resto, agás en 1987 cando o 75% dos concellos teñen un esforzo positivo. Isto confirma que nestes dous anos o comportamento dos concellos será máis electoralista non só fronte ó resto senón tamén fronte a 1990-1991. Aínda así, o esforzo negativo do ano 1989 pode responder a investimentos en bens e servicios municipais que estean nos orzamentos dese ano e que non estean preparados ou non entren en funcionamento ata momentos previos ás eleccións.

En relación co esforzo 2, obsérvase que 1985 e 1989 son anos nos que tanto os ingresos coma os gastos aumentan máis, mentres que as menores porcentaxes de crecemento se producen nos anos preelectorais e electorais. Nos anos postelectorais tanto os ingresos coma os gastos medran, en calquera caso, a un maior ritmo ca no ano anterior.

Nalgún destes casos tales variables descenden con respecto ó ano anterior. O incremento (descenso) dos gastos é superior (inferior) ó dos ingresos en 1986 e 1990 (o segundo) no primeiro estrato. Mentres que 1986 e 1989 o son no segundo. Isto lévanos a pensar que, lóxicamente, o peso das políticas electoralistas traspábase ós gastos. Aparece aquí un ciclo que eleva os gastos e os ingresos nos anos posteriores ás eleccións e fainos descender ou medrar moito menos nos anos preelectorais e electorais.

Por outra parte, os ingresos e os gastos liquidados dos que xa falamos son en poucos casos inferiores ós preventivos, é dicir, os orzamentos incúmprense por defecto case sempre. Estas diferencias entre os ingresos liquidados e os preventivos e os gastos liquidados e os preventivos son menores ou negativas nos anos electorais. É dicir, os orzamentos liquidados seguen máis fielmente os preventivos durante os anos electorais. Apreciamos algo similar ó estudia-lo crecemento dos ingresos e dos gastos preventivos con respecto ó dos liquidados. Crecen e decrecen no mesmo sentido, con maiores índices no primeiro estrato, mentres que no se-

gundo hai unha maior tendencia a que os liquidados sexan inferiores ós preventivos.

BIBLIOGRAFÍA

- BOSCH, N.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1992-1993): "Siete hipótesis sobre elección pública y gasto local. Un test para municipios españoles", *Papers de Seminari*, 35-36, pp. 51-69.
- BOSCH, N.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1993a): "Tamaño del sector público y descentralización fiscal", *Revista de Economía Aplicada*, vol. 1, núm. 3, pp. 181-193.
- BOSCH, N.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1993b): "Institutional Restrictions and Local Public Economics: A Spanish Approach", *Economia delle Scelte Pubbliche*, 2-3, pp. 111-121.
- BOSCH, N.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1994): *Hacienda local y elección pública: el caso de los municipios españoles*. Bilbao: Fundación BBV.
- BOSCH, N.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1995): "El gasto de los municipios españoles visto desde la teoría de la elección colectiva", *Economistas*, núm. 65, pp. 60-66.
- BRENNAN, G.; BUCHANAN, J.M. (1980): *The Power to Tax; Analytical Foundations of a Fiscal Constitution*. Cambridge: Cambridge University Press.
- BUCHANAN, J.M.; WAGNER, R.E. (1977): *Democracy in Deficit. The Political Legacy of Lord Keynes*. New York: Academic Press. (Versión en español en E. Galdón Brugarola e J.L. López Garayo (1983), Madrid: Rialp).
- CAPÓ GIOL, J. (1991): "Elecciones municipales, pero no locales", *Reis*, 56, pp. 143-164.
- CARRILLO BARROSO, E. (1991): *Gestión de recursos humanos, presupuestación y hacienda local en España*. (Monografía núm. 97). Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- FREY, B.S.; SCHNEIDER, F. (1975): "On the Modelling of Politic-Economic Interdependence", *European Journal of Political Research*, 1975. (Versión en español en T. Méndez Reyes (1978): "Modelos de interdependencia político-económica", *Revista Española de Economía*, vol. VIII, núm. 2, pp. 455-477).
- GONZÁLEZ ENCINAR, J.J. (1982): *Galicia sistema de partidos y comportamiento electoral 1976-1981*. (Col. Akal Universitaria, Serie Sociología). Madrid: Akal.
- GRAMPP, W.D. (1989): *Princing the Priceless*. New York: Basic Books. (Versión en español en B. Ribera de Madariaga (1991), Barcelona: Ariel).
- NORDHAUS, W.D. (1989): "Alternative Approaches to the Political Business Cycle", *Brookings Papers on Economic Activity*, núm. 2, pp. 1-68.
- POMMEREHNE, W.W. (1978): "Institutional Approaches to Public Expenditure", *Journal of Public Economics*, 9, núm. 2, pp. 255-280.
- POMMEREHNE, W.W.; SCHNEIDER, F. (1978): "Fiscal Illusion, Political Institutions, and Local Public Spending", *Kyklos*, vol. 31, fasc. 3, pp. 381-408. (Versión en español en A. Casahuga Vinardell [ed.] (1972): *Teoría de la hacienda pública democrática*, pp. 705-732, Madrid: IEF).
- RENAUD, P.S.A.; WINDEN, F.A. VAN (1991): "Behavior and Budgetary Autonomy of Local Governments. A Multi-Level Model Applied to the Netherlands", *European Journal of Political Economy*, 7, pp. 547-577.
- ROTHENBERG PACK, J. (1987): "The Political Policy Cycle: Presidential Efford vs. Presidential Control", *Public Choice*, 54, pp. 231-259.

- SUÁREZ PANDIELLO, J. (1988): "Una estimación de las necesidades de gasto de los municipios de menor dimensión", *Hacienda Pública Española*, núm. 113, pp. 119-146.
- TODÓ-ROVIRA, A. (1991): "Empirical Analysis of the Provision of Local Public Goods: An Alternative to the Median Voter Model", *Public Finance*, vol. XXXVI, núm. 3, pp. 490-511.

A ORDE DE ENTRADA DA EMPRESA NO MERCADO: IMPLICACIÓNS ESTRATÉXICAS

JOSÉ MANUEL BARREIRO FERNÁNDEZ / EMILIO RUZO SANMARTÍN
 FERNANDO LOSADA PÉREZ
 Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
 2º Ciclo de Administración e Dirección de Empresas de Lugo
 Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 6 maio 1999

Aceptado: 16 decembro 1999

Resumo: Existe unha gran cantidade de investigación na literatura de marketing arredor da cuestión da orde de entrada das marcas no mercado. A pesar desta gran cantidade de investigación non se atopa un consenso acerca da existencia ou inexistencia dunha vantaxe competitiva derivada desa orde de entrada, o que en moitos estudos se denomina a "vantaxe do pioneiro". No presente traballo preténdese afrontar o fenómeno da vantaxe do pioneiro, tratando de desenvolver un esquema conceptual que inclúa tódolos factores que interveñen na orde de entrada das marcas no mercado. Con isto preténdese reflectir que se trata dun fenómeno complexo, establecendo cales son os principais elementos que deben ser considerados polas empresas cando se enfronten a decisións de entrada en novos mercados ou de lanzamento de novos produtos.

Palabras clave: Orde de entrada / Vantaxe do pioneiro / Componentes da vantaxe do pioneiro / Moderadores da vantaxe do pioneiro.

ENTRY ORDER OF A FIRM INTO THE MARKET

Summary: A great amount of research regarding the issue of entry order of brands into the market does exist in marketing literature. In spite of the great amount of research there is no agreement on the existence of a competitive advantage in the order of entry, which in many papers is called the "pioneer advantage". The aim of this work is to focus on the pioneer advantage topic, trying to implement a scheme of concepts, which will include all the factors involved in the entry order of brands into the market. Doing so, it is attempted to stress the complexity of the process and the key elements that should be taken into account by companies when they are faced with the decisions of entering new markets or launching new products.

Keywords: Order of entry / Pioneer advantage / Pioneer advantage elements / Pioneer advantage moderators.

INTRODUCCIÓN

A orde de entrada nun mercado pode constituír un factor importante para o éxito das empresas. Unha estratexia relacionada con este aspecto baséase na innovación e na creación de novos mercados. Esta constitúe unha estratexia adecuada na medida en que a empresa poida aproveitar recompensas derivadas desa orde de entrada no mercado, baseándose na existencia da "vantaxe do pioneiro", fenómeno apuntado por numerosos estudos. Sen embargo, resulta arriscado e custoso ser unha marca pioneira. Isto, unido ó feito de que existe ademais unha serie de estu-